



CONCURSO “UNHA FOTO CON MAFALDA” – CURSO 2019/20

BASES

1. Poderá participar todo o alumnado que estea a cursar estudos na EOI de Santiago de Compostela ou en calquera das súas seccións, no curso 2019-2020.
2. O alumnado participante deberá facerse unha foto cun exemplar de banda deseñada (previamente collida en préstamo na biblioteca) e coa silueta de Mafalda, situada na entrada do edificio da escola.
3. As fotos poderán publicarse en calquera das redes sociais nas que ten presenza a escola: [Facebook](#), [Twitter](#) ou [Instagram](#).
4. A foto deberá ser compartida nas redes sociais de xeito público, empregando o cancelo **#unhafotoconmafalda2020** e máis mencionando o usuario **@eoisantiago** para Facebook e Twitter e **@eoi_santiago** para Instagram.
5. Cada participante poderá participar cun **máximo de tres fotos**. Se a persoa participante está disfrazada de personaxe de banda deseñada, ten o dobre de papeletas para o sorteo. Se a foto é de grupo, a efectos de sorteo participará o/a usuario/a ou usuarios/as das redes sociais que publiquen a foto.
6. Entre todos os participantes, sortearase un único premio (**vale de 50 euros** para compras na librería especializada en banda deseñada *A gata tola*).
7. Serán descalificadas as publicacións que incumpran algunha das bases do concurso.
8. Prazo para publicar as fotos: **12 de febreiro ao 12 de marzo de 2020**.
9. O sorteo realizarase o 13 de marzo e convirase a entrega do premio co/a agraciado/a.
10. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.